

MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR. CURSO 2021/2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

CENTRO: IES ESCOLAS PROVAL
DATA: 21 abril 2022

ÍNDICE

- 1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
- 1. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO/BAC)**
- 2. Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22.**
- 3. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.**

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado		
1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes	<p>Seguirase o plan de atención ao alumnado con materias pendentes que consta nas programacións didácticas dos departamentos: entrega de traballos determinados nas distintas materias para a superación das pendentes e/ou realización de probas obxectivas.</p> <p>Calendario de avaliación: segue o previsto na Orde de 25 de xaneiro (final no caso de ES e extraordinaria no caso de Bacharelato) cunha proba final, de ser necesario, no mes de maio.</p>	
1.2. Criterios para o alumnado de PMAR	Non se imparte PMAR neste curso.	
1.3. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa	<p>EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:</p> <p>Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco. b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte. c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación. d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica. <p>O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.</p> <p>En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.</p> <p><i>Normativa de aplicación: Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, artigos 7 e 8.</i></p>	
ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR. CURSO 2021/2022	PÁXINA 3 DE 10	CENTRO: IES ESCOLAS PROVAL

	<p>BACHARELATO:</p> <p>Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.</p> <p>As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.</p> <p>Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.</p> <p>O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso.</p> <p>As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.</p> <p><i>Normativa de aplicación: Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, artigos 13 e 14.</i></p>
<p>1.4. Criterios de Titulación</p>	<p>EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:</p> <p>Titulación (4º de ESO): Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:</p> <p>a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.</p> <p>b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.</p> <p>c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.</p> <p><i>Normativa de aplicación: Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de</i></p>

	<p><i>bacharelato no sistema educativo de Galicia, artigo 10.</i></p> <p>BACHARELATO:</p> <p>Titulación (2º de Bacharelato):</p> <p>Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.</p> <p>Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:</p> <p>a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.</p> <p>b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.</p> <p>c) Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.</p> <p>d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.</p> <p><i>Normativa de aplicación: Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, artigo 15.</i></p>
<p>1.5. Criterios obtención do título de ESO para alumnado de FPB</p>	<p>Titulación (2º FP Básica): Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:</p> <p>a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.</p> <p>b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.</p> <p>c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.</p> <p><i>Normativa de aplicación: Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de</i></p>

2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO/BAC)

2.1. Criterios xerais

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

A tal efecto, en caso de empate, asignarase a matrícula de honra segundo os seguintes criterios:

- 1.- maior nota en 4º de ESO
- 2.- maior nota en 3º de ESO
- 3.- maior nota en 2º de ESO
- 4.- maior nota en 1º de ESO

Logo de aplicadas as regras anteriores, e no caso de manterse o empate, procederase ao sorteo entre os candidatos.

Normativa de aplicación: Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, artigo 12.

BACHARELATO:

O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita

	<p>mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso.</p> <p>En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.</p> <p>2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.</p> <p>3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.</p> <p>A tal efecto, en caso de empate, asignarase a matrícula de honra segundo os seguintes criterios:</p> <p>1.- maior nota en 1º de Bacharelato.</p> <p>Logo de aplicadas as regras anteriores, e no caso de manterse o empate, procederase ao sorteo entre os candidatos.</p> <p><i>Normativa de aplicación: Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, artigo 18.</i></p>
--	--

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022		
<p>3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.</p> <p>Remítese ao procedemento consignado nas Programacións Didácticas dos departamentos didácticos no relativo ás materias pendentes.</p>		
<p>3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3º avaliación e avaliación final na ESO.</p> <p>Alumnado coa materia sen superar:</p> <p>En relación ao alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.</p> <p>Entre as actividades de recuperación os departamentos realizarán as seguintes actividades:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1.- Actividades referidas aos contidos da materia que figuran previamente nas programacións didácticas. 2.- Actividades que contribúan á atención individualizada da ensinanza, adaptándose ás necesidades particulares de cada alumno/a ou grupo de alumnado. 		

3.- Actividades axustadas á temporalización deseñada pola Orde do 25 de xaneiro e, polo tanto, realizables e mensurables.

Alumnado coa materia aprobada:

1.- Traballo de ampliación, afondamento e reforzo da materia superada, incidindo nas competencias propias de cada unha delas.

3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación das probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.

En relación ao alumnado que teña materias con partes sen superar logo de realizada a avaliación final, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.

Entre as actividades de recuperación os departamentos realizarán as seguintes actividades:

- 1.- Actividades referidas aos contidos da materia que figuran previamente nas programacións didácticas.
- 2.- Actividades que contribúan á atención individualizada da ensinanza, adaptándose ás necesidades particulares de cada alumno/a ou grupo de alumnado.
- 3.- Actividades axustadas á temporalización deseñada pola Orde do 25 de xaneiro e, polo tanto, realizables e mensurables.

Alumnado coa materia aprobada:

1.- Traballo de ampliación, afondamento e reforzo da materia superada, incidindo nas competencias propias de cada unha delas.

3.3. Especificar os criterios xerais nas actividades de preparación das probas extraordinarias e a avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.

En relación ao alumnado que teña materias con partes sen superar logo de realizada a avaliación final, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.

Entre as actividades de recuperación os departamentos realizarán as seguintes actividades:

- 1.- Actividades referidas aos contidos da materia que figuran previamente nas programacións didácticas.
- 2.- Actividades que contribúan á atención individualizada da ensinanza, adaptándose ás necesidades particulares de cada alumno/a ou grupo de alumnado.
- 3.- Actividades axustadas á temporalización deseñada pola Orde do 25 de xaneiro e, polo tanto, realizables e mensurables.

Os departamentos didácticos con docencia neste nivel educativo realizarán as actividades de preparación das probas ABAU seguindo os criterios da CIUG, diferenciados segundo a materia.

No caso de materias que non teñen proba específica nas ABAU, os departamentos determinarán as actividades de reforzo e ampliación referidos nas programacións didácticas.

3.4. Especificar o protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado

que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO.

A falta da publicación dun informe oficial en XADE, o protocolo de actuación, de non existir este informe, o centro axustarase ao seguinte procedemento:

- 1.- Proposta de informe realizado pola Xefatura de Estudos e Orientación.
- 2.- Aprobación polo Claustro logo de oída a CCP.

3.5. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas (o remitido pola I.E. ou outro modelo, de ser o caso)

Séguese o modelo remitido pola Inspección Educativa.

4. Aprobación e publicidade

4.1. Aprobación	<p>Procedemento seguido no centro para a aprobación da modificación da concreción curricular no curso 2021/2022:</p> <ol style="list-style-type: none">1.- Remisión aos departamentos dos documentos remitidos pola Inspección Educativa.2.- Reunión de CCP para a adopción dun dos documentos mencionados no epígrafe anterior (modificado para introducir un epígrafe dun segundo documento).3.- Aprobación en claustro dos criterios para a adaptación das programacións didácticas e da modificación da concreción curricular.
4.2. Publicidade	<p>Procedemento de publicidade da modificación da concreción curricular e das programacións didácticas.</p> <ul style="list-style-type: none">• Data publicidade na páxina web do centro: 27 abril 2022.• Datos información ás familias/alumnado por parte da dirección do centro a través de Abalar móbil: 28 abril 2022.

